



MESA DELEGADA DE DEFENSA FEBREIRO 2024

CONCURSOS

A Administración informa de que vai tentar convocar concursos para todas as categorías no ano 2024, pero que ten moi pouco persoal para poder facelo.

Dicir neste punto que a CIG, pediu un punto na orde do día que fora “concurso de arsenais”, de convocatoria urxente, e a Administración non acedeu.

Seguimos a pedir que convoquen urxentemente o concurso para arsenais, pois este colectivo está a ser discriminado porque habendo prazas vacantes nos destinos estas non se quitan a concurso.

TRABALLO A DISTANCIA.

Neste punto proposto por CCOO-UXT, expuxeron as dificultades que hai nalgúns centros, mais desde a CIG non temos nengunha queixa por parte do persoal, e que se houbo algunha queixa, se resolveu inmediatamente, polo que parabenizamos a Administración polo paso adiante que deron no traballo a distancia e gostaríamos que fosen así de dilixentes no resto de materias.

PRODUCTIVIDADE.

Neste punto concordamos toda a parte social, nas seguintes cuestións:

1.- Productividade para o persoal laboral xa , sen mais dilacións.

2.- Negociación dunha Instrución de productividade que regule unha serie de criterios para que este comemento se asigne dunha maneira obxectiva.

PERMUTAS PERSOAL ESTATUTARIO.

Neste punto proposto por UXT, solicitan que se podan facer permutas en persoal estatutario. Neste punto a CIG non entramos a valorar pois a lei non o contempla.

DATOS DE COMISIONS DE SERVIZO.

A Administración informou disto e dicir que a CIG propuxo un punto da orde do día que era “REGULACIÓN das comisións de servizo”.

A nosa exposición foi primeiro a regulación e en caso de que non se chegue a regular, polo menos transparencia, que todas as prazas se colguen na páxina web, e que todo o persoal poda acceder a esas prazas en igualdade de condicións.

Sobre a cuestión de publicar na páxina web, a Administración estivo receptiva, non así no tema de regulación.

AUMENTO DE 350€ NO COMPLEMENTO ESPECÍFICO PARA TODO O PERSOAL FUNCIONARIO DO MINISTERIO .

Este punto exposto por CIG, obtivo o apoio unánime da parte social e da Administración.

Esta modificación do complemento específico de 350 euros para o persoal funcionario entendemos que cumpre o mesmo requisito que se lle recoñeceu ao persoal laboral do Ministerio “pola singularidade dos seus postos dedicados a actividade relacionadas coa defensa”. Polo que entendemos que non debe existir discriminación entre o persoal público polo feito de pertencer a réximes xurídicos diferentes e, en aras da igualdade, o complemento ten que ser recoñecido para o persoal funcionario na mesma cantidade.